

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 7 DE ABRIL DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se crea a Rede de nodos de innovación sanitaria e se establece a súa composición, organización e funcións.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se cualifica de utilidade pública a erradicación do organismo de corentena *flavescencia* dourada da viña (*Grapevine flavescence dorée phytoplasma*) en Galicia e se ordenan as medidas para evitar a súa propagación.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG), para a implementación, difusión e promoción das certificacións de calidade e sustentabilidade do ICTES (Instituto para a Calidade Turística Española e a Sostibilidade) no sector turístico de Galicia, por importe total de oitocentos trinta e dous mil cen euros (832.100,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG) para a promoción e mellora da comercialización de Galicia como destino turístico, por importe total de un millón cincocentos mil euros (1.500.000,00€) e a exención da obriga de constituír garantía nos pagamentos anticipados e á conta.
- Acordo polo que se toma razón do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se autoriza á entidade pública empresarial Augas de Galicia a tramitación do expediente de gasto relativo á modificación do contrato de elaboración do proxecto e execución da obra "Ampliación da estación depuradora de augas residuais de Sada. Sada (A Coruña)", por importe dun millón catrocentos cincuenta e dous mil cincuenta e dous euros con quince céntimos (1.452.052,15€), e un valor estimado dun millón douscentos mil corenta e tres euros con dez céntimos (1.200.043,10€), cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 60 % do gasto elixible no marco do programa Galicia Feder 2021-2027.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para o financiamento dos programas de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento de COGAMI e das súas entidades para o exercicio 2025. Importe: un millón sesenta e nove mil setecentos noventa e sete euros (1.069.797,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Galega de Atención Temperá, para contribuír ao financiamento dun programa de intervención en atención temperá destinado a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e ás súas familias para o exercicio 2025. Importe: setecentos trinta e cinco mil novecentos vinte e seis euros (735.926,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Galega de Asociacións de Atención ás Persoas con Parálise Cerebral, para o financiamento do programa de promoción da autonomía persoal de persoas con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns, e do mantemento da entidade para o exercicio 2025. Importe: noventa e seis mil cento vinte e dous euros (96.122,00).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE), para o financiamento de programas dirixidos a persoas con dano cerebral adquirido e do mantemento da Federación e das entidades federadas para o exercicio 2025. Importe: douscentos trinta e nove mil cento oitenta e sete euros (239.187,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación administrativa das obras de remodelación para a implantación do novo modelo residencial de maiores da Xunta de Galicia na Residencia de Maiores Torrente Ballester (A Coruña), incluído dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. Procedemento aberto. Importe de licitación: cinco millóns catrocentos setenta e seis mil trescentos cincuenta euros con vinte e sete céntimos (5.476.350,27€). Valor estimado: catro millóns cincocentos vinte e cinco mil novecentos nove euros con trinta e un céntimos (4.525.909,31€).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do servizo de soporte á toma de decisións estratéxicas utilizando analítica avanzada de datos, tecnoloxías Big Data e técnicas de intelixencia artificial, cofinanciado pola Unión Europea nun 60% con cargo ao programa Galicia Feder 2021-2027, por un orzamento de licitación (IVE incluído) de dous millóns catrocentos cincuenta e dous mil seiscentos corenta e cinco euros con oitenta céntimos (2.452.645,80€) e un valor estimado de catro millóns oitocentos sesenta e catro mil setecentos cincuenta e dous euros (4.864.752,00€).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da convocatoria dos Premios de Arquitectura e Rehabilitación da Comunidade Autónoma de Galicia 2025, por un importe total de trinta e cinco mil euros (35.000 €).
- Acordo polo que se toma razón da licitación pola Sociedade de Vivenda Publica de Galicia, S.A. do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 75 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais nas parcelas MIIIB3 e MIIIB4 do Plan parcial de San Paio de Navia, Vigo (Pontevedra), por un importe de licitación de seiscentos setenta e oito mil catrocentos setenta e oito euros con catorce céntimos (678.478,14 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de lavandaría para os centros sanitarios da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras (lote único), por un orzamento base de licitación, IVE incluído, de oito millóns douscentos setenta e seis mil catrocentos euros (8.276.400,00 €), e un valor estimado, sen IVE, de dez millóns catrocentos oitenta e oito mil euros (10.488.000,00 €). Expediente AB-ASO1-25-006.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se aproba o Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2025-2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para realización de pagamentos anticipados en contía superior á que resulta da aplicación do artigo 63.l.dous do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á reestruturación e reconversión da viña en Galicia e se convocan para o ano 2025. Importe total catro millóns de euros (4.000.000€).
- Acordo polo que se toma razón das actuacións da Consellería do Medio Rural para o fomento e apoio ás agrupacións forestais de xestión conxunta, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España, financiado pola Unión Europea. NextgenerationEU. Convocatoria 2025.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Portos de Galicia e o Concello de Ribadeo para a execución das actuacións na rúa Buenos Aires entre o núcleo urbano e o porto de Mirasol en Ribadeo, por un importe total de catrocentos corenta e oito mil douscentos sete euros con dezaioito céntimos (448.207,18 €), IVE incluído.

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre a convocatoria Ignicia Proba de Concepto 2025.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a presentación dos datos de avance de peche do exercicio orzamentario 2024.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a contratación dos servizos para o desenvolvemento e evolución da plataforma de integración con sistemas de comunicación en tempo real do Sergas (CETIR).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre os hábitos lectores e compra de libros en Galicia en 2024.
- Informe sobre as residencias artísticas e liñas de apoio a artistas galegos emerxentes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre as feiras de emprego celebradas en Arxentina e Uruguai no mes de marzo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FORMALIZA A CREACIÓN DA REDE DE NODOS DE INNOVACIÓN SANITARIA PARA IMPULSAR SOLUCIÓN INNOVADORAS QUE MELLOREN A ASISTENCIA E CALIDADE DE VIDA DOS PACIENTES

- O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de creación desta rede, que canalizará as iniciativas innovadoras de profesionais da sanidade pública, empresas, pacientes e as persoas coidadoras
- A rede estrutúrase nun nodo de innovación por área sanitaria, máis o nodo central encargado da coordinación
- Facilitase asesoramento, simplificación de trámites administrativos e a cooperación coas fundacións públicas galegas de investigación biomédica
- Fomentará a extensión de exemplos de boas prácticas ás diferentes áreas sanitarias
- A Xunta lidera a compra pública de innovación en España ao captar o 40 % dos proxectos da convocatoria do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades
- O Servizo Galego de Saúde foi gañador dos I Premios Europeos á Contratación Pública de Innovación entregados polo Consello Europeo de Innovación

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea formalmente a Rede de nodos de innovación sanitaria e se establece a súa composición, organización e funcións. Esta rede, estruturada en sete nodos correspondentes a cada área sanitaria do Servizo Galego de Saúde e un nodo central encargado da coordinación, ten o obxectivo de fomentar o desenvolvemento de solucións innovadoras que melloren a asistencia e a calidade de vida dos pacientes.

Con esta iniciativa da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) búscase que a Plataforma de innovación sanitaria se converta na ferramenta transversal da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde para potenciar e xestionar os resultados de innovación sanitaria enmarcados nun modelo de innovación aberta e social.

Así, a Rede de nodos de innovación sanitaria será un mecanismo para canalizar as ideas dos profesionais sanitarios e tamén de pacientes, as súas persoas coidadoras e empresas e demais entidades implicadas no sistema sanitario.

Perséguese introducir cambios rápidos nos procedementos sanitarios de forma que sexan substituídos aqueles procesos menos eficientes. Para isto, cada nodo conta cun equipo de profesionais con diferentes perfís (sanitarios, administrativos e tecnolóxicos) para garantir un enfoque integral en cada proposta.

Así, o decreto establece, en primeiro lugar, a creación, funcións e composición da Rede de nodos de innovación sanitaria. E inclúe entre os seus obxectivos detectar necesidades

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e oportunidades para mellorar a asistencia sanitaria e facilitar tamén a transferencia de boas prácticas entre as distintas áreas sanitarias.

Os nodos deberán, ademais, axilizar a xestión de proxectos innovadores e de reducir as barreiras burocráticas para favorecer o seu financiamento. Ao mesmo tempo, recóllese a coordinación cos institutos e fundacións públicas galegas de investigación biomédica.

Por outra banda, o decreto concreta o desenvolvemento e implantación de proxectos innovadores. Entre as actividades de cada nodo estará realizar tarefas de asesoramento e soporte para que o proxecto se transforme nun novo produto ou servizo sanitario.

Así mesmo, enuméranse os criterios que se empregarán á hora de valorar cada proposta. Entre outros, o aliñamento da idea coa Estratexia do Servizo Galego de Saúde, a escalabilidade para facer transferible o proxecto máis alá do centro en que se propón ou o grao de participación da cidadanía e pacientes na idea.

O texto aprobado hoxe polo Consello da Xunta sinala, como incentivo, que as actividades realizadas polas persoas membros da Rede de nodos de innovación sanitaria serán recoñecidas na carreira profesional como méritos na epígrafe de formación, docencia, investigación e innovación ou, de ser o caso, no de implicación ou compromiso coa organización.

Á vangarda da innovación sanitaria

O modelo de apoio á innovación e de aposta pola compra pública innovadora promovido polo Servizo Galego de Saúde foi pioneiro en España e é na actualidade un referente a nivel europeo.

As iniciativas InnovaSaúde e Hospital 2050 (H2050) serviron de pulo á innovación desde a Administración co obxectivo combinado de dinamizar o mercado e de mellorar a prestación de servizos públicos, tanto na modalidade de compra pública precomercial, como na de compra pública de tecnoloxías innovadoras.

Como casos de éxito, o Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde, tamén executou proxectos como Código100 (centrado no envellecemento da poboación), Innovamicrolab (para encarar a resistencia antimicrobiana) ou Innovatrial (un sistema innovador para a xestión integral dos ensaios e estudos de investigación biomédica, actualmente en execución).

Destas iniciativas xurdiron numerosas aplicacións prácticas con repercusión para a cidadanía. Por exemplo, a historia clínica electrónica IANUS 5, a plataforma É-Saúde ou a plataforma Telea, coa que o Servizo Galego de Saúde presta teleasistencia a pacientes crónicos monitorizando a diálise domiciliaria, a hipertensión arterial ou, entre outros casos, de coidados paliativos no caso de hospitalización a domicilio.

Tamén se desenvolveron outras ferramentas para o apoderamento de pacientes como o Sistema de información para pacientes en autocontrol da diabetes (Sipad). Este sistema

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

simplifica o autocontrol da enfermidade para os pacientes nun único dispositivo no cal incluír valores de glicosa, insulina ou alimentación e así facilita tamén o seguimento por parte do profesional sanitario.

Galicia demostra tanto a súa capacidade de xeración de coñecemento como a súa xestión de fondos xa que a Xunta captou o 40 % dos proxectos da convocatoria da Liña FID (Fomento da Innovación desde a Demanda) do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades. No ámbito sanitario, o proxecto seleccionado do Servizo Galego de Saúde é Precisaúde, no cal se investirán 20 millóns de euros para buscar novas solucións relacionadas coa medicina personalizada.

Ademais, no 2021, o Servizo Galego de Saúde logrou ser gañador dos I Premios Europeos á Contratación Pública de Innovación do Consello Europeo de Innovación (EIC) nunha candidatura en que se recolle a aposta da Consellería de Sanidade e do Sergas pola innovación e pola compra pública innovadora.

Premios de innovación en saúde

A Consellería de Sanidade mantén aberto ata o 21 de abril o prazo de presentación de candidaturas aos V Premios de Innovación en Saúde 2025 no sistema público de saúde de Galicia.

A finalidade destes galardóns é fomentar as ideas innovadoras para mellorar a calidade de vida das persoas e a sustentabilidade da sanidade pública galega.

Os premios contan cunha categoría destinada aos profesionais da saúde e outra modalidade cuxos destinatarios son os pacientes, na cal poden participar persoas a título individual, organizacións e asociacións de pacientes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CUALIFICA DE UTILIDADE PÚBLICA A ERRADICACIÓN DA FLAVESCENCIA DOURADA DA VIÑA PARA REFORZAR A LOITA CONTRA ESTA DOENZA

- O Consello da Xunta aprobou un decreto específico, que se publicará en breve no DOG e que establece medidas de prevención e loita contra esta enfermidade, así como as obrigas das persoas operadoras profesionais, titulares de parcelas de viñedo e profesionais para o seu control
- Determínanse, así mesmo, actuacións obrigatorias para os donos dos predios afectados na zona infestada, como son a eliminación e destrución inmediata das plantas positivas e sintomáticas e a aplicación de tratamentos fitosanitarios con insecticidas autorizados
- De non levarse a cabo estas medidas, a Administración poderá proceder á súa execución de forma subsidiaria

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se cualifica de utilidade pública a erradicación do organismo de corentena flavescencia dourada da viña. Esta norma establece medidas de prevención e loita contra esta doenza, así como as obrigas das persoas operadoras profesionais, titulares de parcelas de viñedo e profesionais para o seu control.

Así, entre estas obrigas están as de vixiar a presenza da flavescencia dourada nas súas plantacións e viveiros e comunicar aos servizos competentes a detección de viñedos ou outras plantas hóspedes afectadas ou con síntomas sospeitosos desta doenza. Ademais, determínanse medidas obrigatorias para titulares de parcelas vitícolas na zona infestada, como é a de eliminar e destruír, o antes posible, todas as plantas confirmadas como positivas e as sintomáticas. Tamén, aplicar tratamentos fitosanitarios con insecticidas autorizados en todas as plantas da parcela infestada. Estas obrigas esténdense tamén aos operadores profesionais, neste caso nas súas parcelas ou instalacións. A maiores, tamén se especifican medidas semellantes para as zonas tampón e de risco.

No decreto explícase que as medidas previstas serán adoptadas polas persoas interesadas e, se non se levasen a cabo, a Administración poderá proceder á súa execución de forma subsidiaria.

Tamén se indica que aquelas persoas propietarias que realicen os traballos de erradicación pola súa conta, sempre que cumpran coas medidas sanitarias previstas, poderán ser beneficiarias dunha indemnización e que se establecerán as condicións e baremos correspondentes mediante unha orde específica. O decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), que se prevé en datas próximas.

Perdas nas cepas

A flavescencia dourada pode conducir a importantes perdas de produción e mesmo á morte das cepas infectadas, malia que non constitúe risco ningún para as persoas consumidoras de viño ou de uva. Porén, cómpre actuar para paliar esta ameaza, que

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

afecta a produtividade e competitividade dun sector clave do rural galego, como é o vitivinícola.

Esta doenza foi detectada en Galicia en novembro de 2022. A partir dese momento, a Xunta foi adoptando diferentes medidas de vixilancia e control, co establecemento de zonas demarcadas. Agora dáse un paso máis, con este decreto, para cualificar de utilidade pública a súa erradicación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FORTALECE CON MÁIS DE 2,3 M€ O SECTOR TURÍSTICO DE GALICIA APOSTANDO POLA PROMOCIÓN DO DESTINO E REFORZANDO A SÚA COMPETITIVIDADE

- O Consello da Xunta autorizou a sinatura de dous convenios de colaboración entre Turismo de Galicia e o Cluster Empresarial para continuar afianzando a rendibilidade desta actividade económica
- Os acordos que se asinarán terán unha vixencia de tres anos e supón un pulo importante para seguir avanzando en calidade e sustentabilidade do servizo turístico
- O Clúster agrupa a máis de 7.000 empresas do sector turístico distribuídas por todo o territorio da Comunidade

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dous convenios de colaboración entre Turismo de Galicia e o Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG) para a promoción e mellora da comercialización de Galicia como destino turístico e para a implementación, difusión e promoción das certificacións de calidade e sustentabilidade do Instituto para a Calidade Turística Española e a Sostibilidade (ICTES) no sector turístico. A Xunta contribúe así a mellorar a competitividade e o servizo de calidade que presta o sector turístico galego achegando un total de 2.332.100 euros na súa aposta por promocionar o destino e facilitar unha atención turística de calidade.

Na actualidade, o CTG está conformado por 60 entidades que agrupan toda a cadea de valor do sector turístico e que se distribúen polas catro provincias galegas. Estas entidades, entre federacións, consorcios e asociacións provinciais e galegas representan o 95 % do sector turístico de Galicia, agrupando a máis de 7.000 empresas de toda a Comunidade.

Deste xeito, Turismo de Galicia e o Clúster Empresarial do sector asinarán un convenio colaborarán no desenvolvemento de accións en mercados obxectivo mediante viaxes de familiarización, viaxes de prescrición, encontros do sector etc. que busquen un reforzamento da marca turística de Galicia e a mellora na súa comercialización. Ademais, o Clúster organizará e participará en feiras, congresos, exposicións, xornadas técnicas, encontros e seminarios de carácter turístico que impulsen a promoción e comercialización de Galicia como destino turístico.

O desenvolvemento de proxectos de márketing tanto en liña como sen conexión á internet, que actúen como ferramenta de información, difusión e, por tanto, axuden na comercialización será outro dos ámbitos de actuación do convenio, que tamén inclúe actuacións encamiñadas á definición, creación e/ou mellora da comercialización dos produtos turísticos da comunidade en especial os definidos na Estratexia de turismo de Galicia 2030.

Ademais, a Xunta e o Clúster colaborarán na produción de publicacións e material promocional de apoio específico para á promoción e difusión do turismo de Galicia e levan a cabo actuacións que permitan a mellora na comercialización ou un maior

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

coñecemento do que acontece no mercado xunto con campañas de publicidade e plans de promoción e mellora da comercialización de produtos turísticos de Galicia. Turismo de Galicia destinará 1,5M€ á execución deste convenio que terá unha vixencia de tres anos: 2025, 2026 e 2027.

Certificacións de calidade e sustentabilidade

Por outra banda, Turismo de Galicia e o Clúster tamén asinarán outro convenio de colaboración para contribuír á implantación, difusión e promoción das certificacións, tanto no ámbito da calidade como na sustentabilidade das actividades turísticas. Deste xeito, as empresas turísticas contarán cunha achega para sufragar os gastos derivados das actividades necesarias para que estas poidan conseguir novas certificacións, tanto da Q de calidade turística, como da certificación S de sustentabilidade, ou ben afrontar o seu seguimento ou renovación.

O acorto tamén inclúe asesoramento a empresas e actividades do sector turístico mediante unha serie de servizos que contribúan á súa preparación para estar en condicións de superar a auditoría externa necesaria para a posterior consecución da/s certificación/s correspondente/s (ben Q, ou ben S).

Turismo de Galicia destinará 832.100 euros á execución deste acordo que tamén terá unha vixencia de tres anos, comprendidos entre 2025 e 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA A PROL DA ACCESIBILIDADE NOS ACTOS INSTITUCIONAIS

O convenio permite dotar de medios de interpretación as actividades institucionais que se realicen ao longo deste ano de todas as áreas do sector público autonómico

O Consello da Xunta deu o visto e praxe hoxe ao acordo de colaboración para garantir a accesibilidade dos actos institucionais ás persoas xordas e xordocegas ás actividades institucionais que se leven a cabo ao longo deste ano, dirixidas á poboación xeral ou a colectivos específicos de todas as áreas do sector público autonómico. Debido precisamente a que o ámbito de actuación se amplía a todo o sector público autonómico, cubrindo o maior número de actos posible co obxectivo e mellorar a integración do colectivo, tamén aumenta a contía do acordo de 2.500 a 5.000 euros.

Deste xeito, a FAXPG facilitará os medios persoais necesarios para garantir o acceso do colectivo que representa á información facilitada nos eventos da Xunta. Comprométese, ademais, a difundir na súa páxina web todos os actos que encaixen neste marco de colaboración, a ofrecer accións formativas de lingua de signos ao persoal da Administración autonómica e a dispoñer os medios persoais precisos en beneficio das persoas xordas e xordocegas para a celebración do Día da discapacidade.

Pola súa banda, o Goberno galego compensará os gastos derivados das actuacións enmarcadas no convenio e a vixencia da colaboración prolóngase ata o remate deste ano.

A través desta iniciativa, a Xunta pretende contribuír á eliminación das barreiras de comunicación que lles impiden ás persoas xordas e xordocegas unha participación plena nos eventos institucionais garantindo así que cheguen en condicións de igualdade a todos os colectivos, así como facilitarlles o acceso a toda a información que se transmite nestes actos.

Trátase dunha colaboración que se prolonga desde hai anos e que se suma a outras centradas en diferentes ámbitos autonómicos como o acceso á xustiza ou aos servizos de emerxencias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ELEVA ATA OS 11,14 M€ O INVESTIMENTO NA OBRA DE AMPLIACIÓN DA DEPURADORA DE SADA PARA INTRODUCIR MELLORAS NA SÚA CAPACIDADE DE TRATAMENTO

- O Consello autoriza a Augas de Galicia a modificar o contrato que inclúe a redacción do proxecto e a execución dos traballos co fin de adaptalo ás novas exixencias legais
- Con este cambio garántese que a futura EDAR estará dotada dun sistema de recepción e tratamento de residuos procedentes das fosas sépticas do municipio
- Unha vez completada a ampliación, as instalacións disporán de capacidade hidráulica para xestionar os caudais xerados en épocas de chuvia e tempo seco e darán servizo a unha poboación potencial de 30.500 habitantes, un 50 % máis que na actualidade
- A entidade pública empresarial asinará nos vindeiros días o novo contrato coa adxudicataria para poder iniciar os labores construtivos o vindeiro mes de maio

A Xunta de Galicia investirá 11,14 millóns de euros —un 15 % máis do inicialmente orzado— nas obras de ampliación da Estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Sada, logo de que o Consello autorizara hoxe a modificación do proxecto construtivo para introducir unha serie de melloras na súa capacidade de tratamento.

En concreto, o cambio incorporado garantirá que a instalación, unha vez ampliada, estea dotada dun novo sistema de recepción e xestión dos residuos procedentes das foxas sépticas do municipio, o que permitirá adaptala e adecuala ao contido da Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, aprobada en 2022.

Neste sentido, cómpre indicar que durante a fase de supervisión técnica e ambiental do proxecto construtivo, Augas de Galicia informou da necesidade de incluír no documento definitivo certos aspectos recollidos na devandita lei e referidos, precisamente, ao material procedente dos sistemas de saneamento autónomos.

A ampliación da EDAR de Sada enmárcase no acordo de colaboración técnica e financeira subscrito entre Augas de Galicia e o Concello no seu momento e que deu pé á adxudicación da referida obra por un orzamento de 9,7 millóns de euros, IVE incluído.

A modificación autorizada hoxe, que terá un custo estimado de 1,45 millóns, obriga a adaptar o contrato orixinal para a redacción do proxecto e a execución das obras co fin de actualizar o seu importe e elevalo ata os 11,14 millóns de euros, cofinanciados nun 60 % con fondos europeos do programa Feder. Nos vindeiros días, Augas de Galicia asinará coa empresa adxudicataria o novo contrato coa previsión de que os traballos se poidan iniciar sobre o terreo ao longo do mes de maio.

O obxectivo desta intervención é incrementar e adaptar ás necesidades actuais do sistema de saneamento a capacidade hidráulica da depuradora de Sada, unha infraestrutura que ten máis de 20 anos e con problemas para xestionar as augas residuais que lle chegan en períodos de chuvias intensas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta situación, sumada ao feito de que, no futuro, a tendencia indica que a EDAR existente tampouco será capaz de tratar os caudais xerados en tempo seco, fan necesario dotala de capacidade suficiente como para xestionar os volumes de auga almacenados na rede.

A maior dificultade da execución das obras é ampliar a EDAR mentres se continúa prestando o servizo de depuración. Por iso, a ampliación da depuradora prevé a execución dunha serie de actuacións divididas en dúas fases e cun prazo de execución de 30 meses, que terán como obxecto intervir na liña de depuración de augas (coa construción de dúas liñas de pretratamento diferenciadas) e na liña de lodos. Tamén se demolerán as infraestruturas obsoletas e que queden fóra de servizo tras a reforma.

Unha vez completadas as obras, as instalacións disporán de capacidade hidráulica para xestionar as augas que se xeran tanto en tempo chuvioso como seco grazas a un aumento do seu caudal medio, que pasará dos 4.320 m³/día actuais a 4.891 m³/día e unha capacidade en momentos puntuais que chega ata os 6.618 m³/día.

Ademais, coa ampliación prevista, a futura EDAR dará servizo a unha poboación potencial de 30.500 habitantes —sumando tanto á poboación fixa como á estacional e tamén as achegas do sector industrial— fronte aos 20.000 habitantes equivalentes para os que foi deseñada no momento da súa construción, é dicir, que se incrementará en máis dun 50 % o número de persoas que poden ser atendidas.

Colaboración cos concellos

Esta actuación enmárcase na colaboración tanto técnica como económica que mantén desde hai anos Augas de Galicia cos concellos —que son os competentes en materia de abastecemento, saneamento e depuración— para contribuír a profesionalizar a xestión da auga, garantir o bo estado ecolóxico dos ríos e das rías de Galicia e a mellorar a calidade duns servizos que son básicos para a cidadanía.

De feito, ese compromiso cos gobernos locais reflíctese tamén nos orzamentos deste ano, cun esforzo adicional para mellorar a xestión do ciclo integral da auga e un orzamento global de Augas de Galicia de 144 millóns de euros. Este investimento permitirá seguir optimizando o saneamento e o abastecemento municipais mediante a mellora das infraestruturas, da formación e da divulgación e a execución de políticas activas de resposta ao cambio climático no eido dos recursos hidráulicos.

O obxectivo principal será facer un uso eficiente da auga e reducir a pegada hídrica na comunidade mediante investimentos nas redes de saneamento, depuración e traída, así como no apoio aos concellos a través de media ducia de liñas de axudas (que suman un orzamento de case 7,5 millóns), o deseño de mapas de riscos climáticos ou a creación de corredores verdes e de zonas de inundación controlada ante os asolagamentos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE DE AGAT, ASpace GALICIA, COGAMI E FEGADACE CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 2 M€

Asinaranse novos convenios de colaboración con estas entidades para beneficiar a máis de 31.000 persoas.

O Executivo autonómico destina máis de 2,1 millóns de euros a renovar os convenios de colaboración coa Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), a Federación Galega de Asociacións de Atención ás Persoas con Parálise Cerebral (Aspace Galicia), a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) e a Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace). O Consello da Xunta desta mañá autorizou hoxe estes catro acordos que impulsa a Consellería de Política Social e Igualdade e que beneficiarán a máis de 31.000 persoas.

En concreto, os importes individuais destes acordos son os seguintes: 735.926 euros no caso do de AGAT, 96.122 euros para Aspace Galicia, 1.069.797 euros para Cogami e 239.187 euros para o convenio con Fegadace. Con estes fondos, a Xunta financia programas e servizos destas entidades, entre outros: as catro unidades de atención temperá a nenos e nenas de 0 a 6 anos que ten AGAT nas comarcas do Deza, O Salnés e Bergantiños; os servizos de apoio, de asesoramento e de respiro de Aspace Galicia e Fegadace, destinados a persoas con parálise cerebral ou con dano cerebral; ou programas de promoción da autonomía persoal, de formación e intermediación laboral e de lecer de Cogami para persoas con discapacidade física e/ou intelectual.

Estes convenios de colaboración enmárcanse no traballo conxunto que o Goberno galego desenvolve coas entidades sociais especializadas neste ámbito para garantir que as persoas con discapacidade e as súas familias teñan os recursos que necesitan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 5,5 M€ Á REMODELACIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES PÚBLICA TORRENTE BALLESTER DA CORUÑA

- Esta actuación mellorará os espazos, a distribución e a funcionalidade do centro, e permitirá continuar coa súa adaptación ao novo modelo de coidados residenciais
- Renovaranse por completo as habitacións e baños para facelos máis accesibles, e crearanse novas salas de estar e de convivencia en todas as plantas do inmovble
- Ademais, dotarase ao centro dunha terraza axardinada e dun xardín terapéutico

O Consello da Xunta autoriza a licitación das obras de remodelación da Residencia de Maiores Torrente Ballester da Coruña ás cales se destinarán case 5,5 millóns de euros de fondos europeos do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia. Esta actuación mellorará os espazos, a distribución e a funcionalidade do centro.

A intervención programada centrarase tanto no interior como no exterior do edificio e permitirá continuar coa súa adaptación ao novo modelo de coidados residenciais que a Xunta está a implantar en todos os seus centros residenciais. Así, entre outras actuacións, no interior do inmovble procederase á renovación completa das habitacións e baños para facelos máis accesibles, incluíndo a ampliación dos corredores.

Ademais, reformarase a zona de cafetaría e adaptarase a zona da biblioteca para usos de salón de peiteado, sala de espera e despacho da traballadora social. Tamén se mellorarán as salas de estar, crearanse novas salas de convivencia en todas as plantas da residencia e mellorarase o salón de actos, dotándoo dun novo escenario. Así mesmo, reformarase a zona de enfermaría, onde se habilitará unha sala para os residentes que necesiten de coidados máis intensos.

No que atinxe ás obras no exterior, estas afectarán a envolvente do inmovble, ás carpintarías e á zona de acceso ao ascensor. Ademais, executarase unha nova fachada na parte que dá aos patios.

A reforma proxectada presta especial atención ao aproveitamento dos espazos de fóra que pertencen á residencia para o seu uso e desfrute por parte dos usuarios. Con este obxectivo, acondicionaranse os patios como zonas de descanso e lecer, crearanse unha terraza axardinada e un xardín terapéutico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RESERVA CASE 5 M€ PARA IDENTIFICAR CASOS EN QUE O BIG DATA E A INTELIXENCIA ARTIFICIAL MELLOREN A EFICACIA DA ADMINISTRACIÓN

- O acordo aprobado hoxe polo Consello permitirá optimizar a dispoñibilidade, explotación e accesibilidade dos datos para que a tecnoloxía axude a dar un mellor servizo á cidadanía
- O contrato inclúe o desenvolvemento de novas ferramentas e técnicas de análise predictiva e prescritiva dos datos para identificar e aplicar as decisións máis eficaces
- Permitirá a posta en marcha de casos de uso EN que a analítica avanzada de datos mellore a calidade das decisións e do deseño de políticas públicas da Administración

O Consello de Goberno autorizou hoxe a contratación dun servizo para identificar aqueles aspectos EN que o uso de tecnoloxías como o big data ou a intelixencia artificial para a xestión dos datos pode mellorar a eficacia da Administración e os servizos públicos de Galicia.

Trátase de adaptar e optimizar as posibilidades de dispoñibilidade, explotación e accesibilidade dos datos xerados pola Administración ou por terceiros. A analítica avanzada permite coñecer como se están a utilizar os datos na actualidade, facer predicións (analítica predictiva) e identificar procedementos máis eficaces (analítica prescritiva).

O contrato permitirá incorporar casos analíticos tanto de ámbito sectorial como de carácter transversal para poder aproveitar as potencialidades destas tecnoloxías nos diferentes servizos públicos e no propio funcionamento e eficacia da Administración.

Os casos de uso concretos serán incorporados durante o período de vixencia do contrato. Para facelo, haberá un orzamento estimado de ata 4,8 millóns de euros en catro anos.

As tecnoloxías de big data e intelixencia artificial permiten mellorar a eficacia das tramitacións administrativas e dos servizos públicos porque simplifican os procesos, aforran tempo, garanten a calidade e fiabilidade e proporcionan unha atención máis personalizada á cidadanía.

A xestión avanzada dos datos resolve as dificultades que presenta unha situación de partida de fragmentación, dispersión en sistemas illados, datos non normalizados ou con linguaxe, natureza ou formatos diferentes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA A QUINTA CONVOCATORIA DOS PREMIOS DE ARQUITECTURA E REHABILITACIÓN DE GALICIA 2025

- Trátase de recoñecer os autores de proxectos de obra nova e de rehabilitación rematados na comunidade galega entre os anos 2023 e 2024
- Destacan os premios especiais á sustentabilidade e á traxectoria profesional
- Os galardóns, dotados en total con 35.000 euros, increméntanse con respecto ás edicións anteriores en 5.000 euros

O Consello da Xunta tomou hoxe razón da quinta convocatoria dos Premios de Arquitectura e Rehabilitación da Comunidade Autónoma de Galicia 2025.

Nesta nova convocatoria dos galardóns, o Goberno galego mantén o recoñecemento á contribución dos profesionais da arquitectura na procura dun contorno que dea resposta ás necesidades dos seus habitantes, mellorando a calidade de vida, a dinamización socioeconómica e a posta en valor do patrimonio edificado sen esquecer a necesidade de respectar o medio ambiente mediante unha arquitectura sostible.

Nos vindeiros días, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), publicará no *Diario Oficial de Galicia* a convocatoria destes galardóns, que será a súa quinta edición, despois das catro edicións realizadas nos anos 2016, 2018, 2020 e 2023.

Nesta nova convocatoria, estes premios céntranse no recoñecemento á calidade das edificacións rematadas nos anos 2023 e 2024, tanto de obra nova como de rehabilitación.

Cabe destacar, así mesmo, os premios especiais: o de sustentabilidade e á traxectoria profesional. O primeiro busca destacar a implementación dunha arquitectura responsable e comprometida co medio ambiente, en consonancia cos programas desenvolvidos pola Xunta de Galicia. O segundo, o premio á traxectoria profesional pretende ser un recoñecemento da especial contribución á arquitectura no territorio galego por parte das persoas arquitectas e aparelladoras ou arquitectas técnicas.

Os galardóns, que estarán dotados en total con 35.000 euros, increméntanse con respecto á edicións anteriores en 5.000 euros, e terán as seguintes modalidades e premios económicos.

1. Premio galego de arquitectura. Outorgarase entre os proxectos de nova planta relativos a actuacións que xerasen unha nova edificación ou obras de ampliación que teñan suficiente entidade propia como para ser valorados de forma independente á construción orixinal. Dotación económica: 7.000 euros.

2. Premio galego de rehabilitación. Destinado a galardoar os proxectos de rehabilitacións relativos a intervencións de recuperación e adecuación do parque edificado existente. Dotación económica: 7.000 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

3. Mencións. Entre as actuacións que non obtivesen premio poderán destacarse con mención aquelas que o xurado aprecie como merecedoras dun especial recoñecemento.

4. Premios especiais. O xurado poderá outorgar tamén premios correspondentes a dúas categorías especiais.

Por un lado, o galardón á sustentabilidade, destinado a destacar aquela actuación que supoña a implantación dunha arquitectura responsable co medio ambiente, os recursos e as xeracións futuras, e dotado con 7.000 euros.

E polo outro, os premios á traxectoria profesional, un recoñecemento á meritoria traxectoria a favor da arquitectura, no territorio galego, que outorgará o xurado con base nas propostas formuladas polas entidades que o integran; dotado con dous premios de 7.000 euros, un para un arquitecto superior e outro para un aparellador ou arquitecto técnico

Poderán optar aos premios, agás o especial á traxectoria profesional 2025, os proxectos arquitectónicos de edificación finalizados na comunidade autónoma entre o día 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2024.

A presentación das candidaturas será realizada por parte de algunha das institucións integrantes do xurado, que estará presidido pola conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e composto por representantes do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS); da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude; da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario; da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña; da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica da Universidade da Coruña; do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia; do Consello Galego de Arquitectura técnica; da Federación Galega da Construción; e da Federación de Promotores de Edificación e Solo de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITARÁ POR PRETO DE 680.000 € UN NOVO CONTRATO PARA A CONSTRUCCIÓN DE 75 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO BARRIO DE NAVIA, EN VIGO

- O Goberno galego financiará con fondos propios a licitación da redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción destas 75 novas vivendas, á que se destinará un investimento que rolda os 680.000 euros
- Neste ámbito da cidade están en marcha 835 vivendas públicas en distintas fases de execución, incluíndose os 80 aloxamentos compartidos para menores de 36 anos
- A través da Estratexia de solo residencial a Xunta desenvolverá tamén o ámbito do Ofimático para 2.300 vivendas, e o ámbito de Cantabria-Ramón Nieto-Santa Cristina, de 13,9 ha, onde se desenvolverá solo para outras 1.392 vivendas
- O Goberno galego mantén o ritmo de traballo para duplicar o parque público de vivenda en Galicia nesta lexislatura, ata chegar ás 8.000, tendo xa máis de 2.000 vivendas en distintas fases de execución

O Consello da Xunta foi informado hoxe da próxima licitación dun novo contrato para a redacción do proxecto para a construción de 75 vivendas de promoción pública (VPP) no barrio de Navia, no concello de Vigo.

A licitación deste contrato, financiado integramente con fondos propios da Xunta, rolda os 680.000 euros, e inclúe os servizos de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción destas 75 VPP, garaxes, rochos e locais en dúas parcelas do Plan parcial de San Paio de Navia, que están a ser urbanizadas pola Xunta.

En concreto, as novas edificación estarán situadas na parcela MIIIB3, que conta cunha superficie de 1.080 metros cadrados, e na MIIIB4, que ten unha superficie de 1.906 m².

A Xunta, neste caso a través da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal) licitará nas vindeiras semanas este contrato, que conta cun prazo estimado de execución de 36 meses, unha vez autorizada hoxe polo Executivo autonómico.

O Goberno galego mantén o ritmo de traballo no desenvolvemento da construción de vivenda de promoción pública nas grandes cidades e a súa área de influencia, sendo Navia o exemplo do traballo que se está a facer nesta materia. Neste ámbito da cidade están en marcha 835 vivendas públicas en distintas fases de execución, incluíndose os 80 aloxamentos compartidos para menores de 36 anos.

A estas vivendas en Navia compre sumar as que se poidan construír a través da Estratexia de solo residencial da Xunta nos ámbitos que se desenvolverán en Vigo.

Dunha banda, o ámbito do Ofimático que permitirá o desenvolvemento do solo para a construción de 2.300 vivendas.

E da outra banda, o ámbito que se desenvolverá en Cantabria-Ramón Nieto-Santa Cristina, de 13,9 hectáreas, elixido en consenso co Concello de Vigo, onde se

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

desenvolverá solo onde se poderán construír outras 1.392 vivendas. A licitación do servizo de redacción do Proxecto de interese autonómico acordouse no Consello da Xunta da pasada semana.

O Goberno galego mantén o ritmo de traballo para duplicar o parque público de vivenda en Galicia nesta lexislatura, ata chegar ás 8.000, tendo neste momento xa en marcha máis de 2.000 vivendas en distintas fases de tramitación e execución.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LAVANDARÍA PARA OS CENTROS DA ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS POR IMPORTE DE 8,2 M€

- O prazo de vixencia do contrato será de 36 meses, cunha posible prórroga por outros 12 meses máis
- Estímase que este servizo suporá o procesado de 1,9 millóns de quilogramos de roupa cada ano

O Executivo galego autorizou, na súa reunión semanal, a contratación do servizo de lavandaría da roupa de pacientes, do persoal e de cama, para os centros sanitarios da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, por un importe de 8.276.400 euros e un valor estimado de 10,4 millóns de euros, tendo en conta as posibles prórrogas.

O prazo de vixencia do contrato será de 36 meses e poderá ser obxecto de prórroga por outros 12 máis.

Entre os servizos que se contratan están a recollida da roupa sucia nos puntos habilitados en cada centro ás horas indicadas e nas frecuencias establecidas. Tamén inclúe o seu lavado, desinfectado, secado, seleccionado, repasado e empaquetado.

Ademais, prevese a selección e clasificación da roupa, a limpeza e desinfección dos carros destinados á distribución e o control de calidade previa á entrega das prendas, achegando os medios humanos e materiais necesarios.

Estímase que este contrato suporá o procesado de 1,9 millóns de quilogramos de roupa cada ano, dos que 1,6 corresponden ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, 140.000 kg ao Hospital Público de Valdeorras e 145.000 ao Hospital Público de Verín.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA O NOVO PLAN ESTRATÉXICO DE XUVENTUDE 2025-2027 QUE ESTARÁ DOTADO DE MÁIS DE 700 M€

- Salienta que o Consello deu o visto e praxe esta folla de ruta “para mellorar a empregabilidade dos mozos, garantir o seu benestar e contribuír a súa emancipación”
- Con máis de 130 medidas, o documento incide en aspectos como a formación ou a vivenda
- O conselleiro de Xuventude resalta que o obxectivo é que cada mozo conte “coas ferramentas, recursos e oportunidades para desenvolverse plenamente”
- Recolle a creación dun novo programa de estadias en países europeos para mozos e mozas en situación de vulnerabilidade
- Contempla a construción de residencias xuvenís nas cidades da Coruña, Ferrol, Pontevedra e Santiago, que non contan con elas
- Inclúe a posta en marcha de iniciativas que axuden os máis novos a construír o proxecto vital, na liña do Bono Emancípate a dos aloxamentos compartidos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello “aprobou hoxe o Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2025-2027, que contará con 133 medidas e estará dotado de 700 millóns de euros” Este instrumento, estruturado a partir de 25 obxectivos, será a folla de ruta do Goberno galego dos vindeiros tres anos “para mellorar a formación e empregabilidade dos mozos, garantir o seu benestar físico e psíquico e contribuír a súa emancipación”.

Rueda salientou que para a Xunta é unha prioridade ofrecer as mellores oportunidades á mocidade porque “son o futuro de Galicia, a xeración chamada a construír” a comunidade do mañá e un colectivo composto por unhas 400.000 persoas na comunidade, é dicir, o 15% da poboación. “Este Plan busca garantir que cada mozo e moza de Galicia teña as ferramentas, os recursos e as oportunidades para desenvolverse plenamente”, engadiu o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos.

Tal e como explicou o conselleiro, a consellería de Xuventude deseñou esta ferramenta, ademais de coa colaboración dos diferentes departamentos do Goberno galego, con enquisas á mocidade e con mesas de traballo en que participaron e se implicaron persoal técnico especializado en xuventude, organizacións xuvenís e entidades sociais e do ámbito de tempo libre.

Como resultado, a área da Xunta con competencias en Xuventude deseñou este plan de cara aos vindeiros tres anos con 133 medidas coas que se buscará mellorar a inserción laboral a través da adquisición de competencias, da mobilidade internacional ou programas de educación non formal. De igual xeito, establecerá accións dirixidas ao benestar físico, psíquico, emocional e social da poboación moza.

Ademais, esta ferramenta buscará contribuír á emancipación da xuventude, con medidas que fomenten o emprego, o emprendemento e apoios á contratación, así como o acceso

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

á vivenda, na liña do Bono Emancípate -que xa recibiu máis de 3.300 solicitudes- ou dos aloxamentos compartidos, que xa están en marcha. A maiores, perfilará iniciativas para fomentar as capacidades creativas e o desenvolvemento do talento das novas xeracións.

Prácticas en empresas da UE para mocidade vulnerable

Entre as iniciativas concretas que se desenvolverán ao abeiro deste plan, estará a posta en marcha este mesmo ano dun novo programa para facilitar estadías formativas en empresas de países da Unión Europea, dirixido exclusivamente á mocidade en situación de vulnerabilidade. Con esta medida, procúrase a promoción de igualdade de oportunidades da poboación moza máis desfavorecida ou en risco de exclusión.

Deste xeito, o conselleiro indicou que este novo programa, chamado *Galicia Moza con Alma*, terá como destinatarios destas estadías "a mozos e mozas do ámbito do rural, a xente nova con discapacidade, rapaces que leven máis dun ano en paro e tamén aqueles que estean en risco de exclusión social".

Esta acción ten como obxectivo favorecer a mobilidade xuvenil exterior como vía de desenvolvemento persoal e profesional destes colectivos vulnerables, pola súa situación xeográfica, física ou socioeconómica. Desta forma, o que se procura é que estes rapaces e rapazas desenvolvan habilidades e competencias para o emprego, á vez que melloran e perfeccionan outros idiomas que lles permitan abrir máis portas no eido laboral.

Novas residencias xuvenís públicas

Precisamente, o plan recolle entre as súas medidas fornecer a mobilidade xuvenil dentro da propia comunidade, a través de recursos e vantaxes económicas que lle facilite á xente moza o acceso á formación.

Co obxectivo de cumprir con esta iniciativa, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ten prevista a construción de residencias xuvenís públicas naquelas cidades nas que, na actualidade, non se contan con elas: A Coruña, Ferrol, Pontevedra e Santiago de Compostela. Trátase dun recurso de apoio á mocidade, entre 16 e 30 anos de idade, que por razóns de estudos ou traballo se ven obrigados a desprazarse fóra do seu fogar ou residencia habitual.

Estender a figura Correspondentes Xuvenís a máis centros

O Goberno galego tamén establece nesta folla de ruta desenvolver unha política de comunicación efectiva e bidireccional coa mocidade. Nesta liña de actuacións, inscríbese a decisión de estender a figura Correspondentes Xuvenís a un maior número de centros de ensino. Desde o curso 2013-14 por este programa pasaron máis de 6.500 mozos e mozas de toda Galicia. O obxectivo é estimular e potenciar que máis xente nova se sume a este programa de voluntariado.

Este alumnado é o que se responsabiliza de recoller a información que se lles envíe desde a Dirección Xeral de Xuventude, Espazo Xove ou a Oficina Municipal de Información Xuvenil do seu concello e de difundila entre o resto do estudantado do centro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REAFIRMA O SEU COMPROMISO CO SECTOR VITIVINÍCOLA E CONVOCA UNHAS NOVAS AXUDAS PARA A REESTRUTURACIÓN E RECONVERSIÓN DE VIÑEDO CUN ORZAMENTO DE 4 M€

- O Consello da Xunta tomou hoxe razón da convocatoria anual destas achegas, que teñen como finalidade incrementar a competitividade das explotacións vitícolas, adaptar o cultivo do viñedo ao cambio climático e avanzar na súa sustentabilidade
- Poderán ser beneficiarias destas achegas as persoas viticultoras cuxos viñedos se destinen á produción de uva para vinificación e que cumpran coa normativa vixente en materia de plantación
- O convocatoria publicárase no *Diario Oficial de Galicia* o 10 de abril e o prazo de presentación de solicitudes rematará o próximo día 25 deste mes
- No período 2018-2024 destináronse preto de 17 millóns de euros para 1.083 persoas beneficiarias no marco destas achegas, permitindo actuar nunha superficie de 1.518,46 hectáreas

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a convocatoria de 2025 para as achegas á reestruturación e reconversión da viña en Galicia, dotadas cun orzamento de 4.000.000 euros e financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga). Estas axudas teñen como finalidade incrementar a competitividade das explotacións vitícolas, adaptar o cultivo do viñedo ao cambio climático e facelo ambientalmente máis sustentable.

A reconversión do viñedo é unha ferramenta estratéxica para a nosa comunidade. Estas achegas baséanse na reconversión varietal, para que aquelas explotacións con viñas antigas poidan substituílas por variedades autóctonas, máis resistentes ás condicións climáticas e que produzan viños de maior calidade e máis demandados no mercado.

Neste sentido, con estas axudas búscase perfeccionar o cultivo da vide en Galicia para reducir custos e orientarse mellor aos diferentes mercados, potenciando o grao de profesionalización cos conseguintes beneficios económicos para este tipo de explotacións, ao tempo que se promove a remuda xeracional.

Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias destas achegas as persoas viticultoras -ou futuras- cuxos viñedos se destinen á produción de uva para vinificación e que cumpran coa normativa vixente en materia de plantación de viñedo. A superficie total para as solicitudes que se presenten de forma individual será de 0,2 hectáreas e de 1 hectárea para aquelas que se presenten de xeito colectivo.

Serán subvencionables as actuacións relacionadas coa replantación con ou sen sistema de conducción, a reconversión de viñedos por cambios de variedade, a mellora de técnicas de xestión e a replantación de viñedos cando sexa necesario tras o arrinque obrigatorio por motivos sanitarios ou fitosanitarios por orde da autoridade competente. Prevese a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* o vindeiro 10 de abril e o prazo de presentación de solicitudes rematará o 25 deste mes.

Case 17 millóns de euros desde 2018

Estas achegas convócanse anualmente desde o ano 2018. No período 2018-2024 destináronse preto de 17 millóns de euros para 1.083 persoas beneficiarias, permitindo actuar nunha superficie de 1.518,46 hectáreas.

A principios deste ano resolveuse a convocatoria de 2024, coa que se beneficiaron 172 persoas viticultoras para actuar en 237 hectáreas a través dun investimento de 3,1 millóns de euros. En canto á distribución por provincias, a maioría dos expedientes aprobados son de solicitantes de Pontevedra e Ourense, con 76 cada unha, seguidas de Lugo, con 11, e, finalmente, A Coruña, con 9.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA ACHEGAS PARA FOMENTAR A CREACIÓN DE AGRUPACIÓNS FORESTAIS DE XESTIÓN CONXUNTA CUN ORZAMENTO DE 1,4 M€

- As achegas subdivídense en dúas liñas centradas na creación de novas agrupacións, con ou sen base territorial, e no apoio ás xa existentes
- Estas figuras permiten mellorar a eficiencia económica, aumentar o acceso a recursos e subvencións, e promover prácticas forestais máis sustentables e responsables
- Actualmente hai 24 agrupacións rexistradas, que abranguen unha superficie total de 3.145 hectáreas mediante a reunión de 9.250 parcelas e 925 persoas socias, cinco delas de recente creación

A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, vai convocar unha liña de achegas para fomentar a creación e apoio das Agrupación Forestais de Xestión Conxunta cun orzamento bianualizado de 1.402.00 euros financiados con fondos europeos NextGenerationEU. Prevese que a convocatoria se publique no *Diario Oficial de Galicia* o vindeiro 8 de abril.

Estas achegas subdivídense en dúas liñas. A primeira está centrada na creación de novas agrupacións forestais de xestión conxunta, con ou sen base territorial. Poderán solicitar estas axudas asociacións sen ánimo de lucro constituídas para o asesoramento de persoas propietarias ou titulares dos dereitos de aproveitamento de terreos ou as entidades que teñan por obxecto a recuperación de terras forestas de xeito conxunto; así como sociedades e cooperativas. Neste sentido, serán subvencionables as actuacións relacionadas coa identificación da iniciativa e os gastos de tramitación e inscrición, entre outros.

A segunda destas liñas está destinada de xeito específico para apoiar as agrupacións xa existentes e que estean inscritas no rexistro oficial de agrupacións forestais de xestión conxunta. A través destas axudas poderán subvencionarse cuestións como a revisión do parcelario e o estado das parcelas, a investigación da titularidade das parcelas que supoñan unha ampliación das agrupacións ou a incorporación de servizos ecosistémicos.

O prazo de presentación de solicitudes será de 45 días hábiles para a primeira liña e 30 días hábiles para a segunda, contando a partir do día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Beneficiosas para o sector forestal

As agrupacións forestais de xestión conxunta permiten mellorar a eficiencia económica, aumentar o acceso a recursos e subvencións, e promover prácticas forestais máis sustentables e responsables. Teñen por finalidade promover a rendibilidade da actividade silvícola e a promoción da xestión forestal sustentable desde un punto de vista económico, ambiental e social. Ademais, ao formar parte dunha agrupación os propietarios, poden contar con asesoramento técnico especializado que mellora as

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

prácticas de xestión e aproveitamento forestal, favorecendo unha mellor planificación a longo prazo.

A maiores, ofrecen importantes vantaxes na comercialización conxunta da madeira e resto de produtos forestais o que permite obter mellores prezos e oportunidades de comercialización que a que obterían na comercialización individual cada un dos membros da agrupación. Tamén ten unha clara contribución á prevención de incendios forestais pois a xestión conxunta facilita a implementación de plans preventivos, tales como a limpeza de biomasa forestal ou a creación de devasas.

Cómpre lembrar que esta iniciativa está aliñada coa primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, "Cara á neutralidade carbónica", que se estrutura en distintos eixes estratéxicos de intervención para o deseño e execución da política forestal galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INVESTIRÁ 450.000 EUROS NA MELLORA DA RÚA BUENOS AIRES NO ACCESO AO PORTO DE MIRASOL, EN RIBADEO

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio entre Portos de Galicia e o Concello para a execución das obras de renovación da calzada e da rede de saneamento e pluviais así como humanización da contorna do auditorio municipal

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, asinará un convenio de colaboración co Concello de Ribadeo para a financiación e execución das obras de remodelación da rúa Buenos Aires, desde o núcleo urbano ata o porto de Mirasol. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do acordo en virtude do cal Portos de Galicia asumirá o custo das obras orzadas en 448.000 euros.

O ente público será o encargado de financiar integramente os traballos que licitará e executará o Concello de Ribadeo. A Administración local será, así mesmo, a encargada da súa posterior conservación e de calquera mellora que poida resultar necesaria no futuro.

As obras proxectadas consisten na renovación do pavimento actual e da dotación de novos servizos urbanísticos na rúa Buenos Aires. Para iso, levarase a cabo o levantamento do actual pavimento de toda a rúa, substitución de todos os servizos urbanísticos, así como o soterramento doutros novos, para, posteriormente, renovar todos os pavimentos da rúa.

Tamén se repararán as fochancas e afundimentos xurdidos na calzada a raíz das distintas canalizacións soterradas que se executaron nos últimos ano, entre elas enerxía eléctrica, telecomunicacións e de gas, así como a rehabilitación de varias vivendas.

O proxecto recolle, así mesmo, a renovación da rede de sumidoiros, independizando saneamento e pluviais, e redefinirase o percorrido da calzada elevándoa na zona próxima ao auditorio municipal de forma que se amplíe o espazo existente a modo de praza e se divida a rúa en dúas zonas, eliminando o exceso de velocidade na rúa.

Finalmente, substituirase o formigón do pavimento da praza para eliminar as fochancas actuais e arranxarase o muro de contención que separa a rúa do barrio de Fonte Cavada, o cal disporá dunha nova iluminación exterior, para destacalo respecto da rúa. Ademais colocarse novo mobiliario exterior con bancos e papeleiras.

Con esta actuación, a Xunta e o Concello de Ribadeo pretenden mellorar principalmente o acceso ás instalacións portuarias ademais da calidade de vida dos usuarios da rúa, humanizando e renovando unha das vías importantes e máis transitadas da vila, que comunica o centro urbano (praza de España) co Porto de Mirasol, ademais de encontrarse nesta o acceso o auditorio municipal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZARÁ UN PAQUETE DE MEDIDAS DE 52 M€ DIRIXIDO Á COLABORACIÓN ESTRATÉXICA E Á TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO PARA IMPULSAR A I+D+I GALEGA

- Rueda salienta o compromiso do Executivo autonómico con consolidar á nosa Comunidade como un referente da I+D+i
- Anuncia que este mes publicarase a primeira convocatoria, do programa Ignicia, dotada con 4 M€ para comercializar os resultados das investigacións de ata 10 proxectos
- Ao longo do ano lanzaranse outras liñas do novo Plan de I+D+i como Nexos, para impulsar a colaboración entre empresas e centros de coñecemento, ou as unidades mixtas de investigación para desenvolver proxectos público-privados
- O Goberno galego traballa en tres novas convocatorias dirixidas á biotecnoloxía, intelixencia artificial e cuántica, así como ao desenvolvemento empresarial

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, salientou hoxe que o Executivo autonómico vai destinar este ano “52 millóns de euros” a un paquete de axudas para “impulsar a colaboración público-privada”, dinamizar a economía e promover que os resultados da I+D+i galega cheguen á sociedade. Unhas medidas que se enmarcan no obxectivo da Xunta de “seguir consolidando á nosa Comunidade como un referente no I+D+i”, así como de xerar, reter e atraer talento “que está traballando noutros territorios”, sendo conscientes de que “a ciencia segue sendo algo fundamental para que a sociedade mellore e progrese”.

O Consello da Xunta analizou hoxe as próximas convocatorias de axudas dirixidas á transferencia de coñecemento e resultados de investigación, así como á colaboración estratéxica no ámbito da I+D+i, por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP. Ademais de debullar este mapa de liñas, na reunión semanal do Goberno autonómico deuse conta da primeira convocatoria que se publicará este mesmo mes: o programa Ignicia, cun investimento de 4 M€ para apoiar “entre 8 e 10 proxectos” de spin-offs e de tecnoloxía creada en Galicia.

Ao longo deste ano a Axencia Galega de Innovación contará cun “paquete de axudas” que suman un orzamento de 52 M€ e que están recollidas no Plan galego de investigación e innovación 2025-2027, “dotado de 1.310 millóns de euros”.

En concreto, a Consellería de Ciencia financiará a posta en marcha de novos proxectos empresariais que requiran o uso de tecnoloxía ou coñecementos desenvoltos a partir da actividade investigadora e nos cales a estratexia de negocio se basee no desenvolvemento tecnolóxico. Farao co programa Recuperación excelencia NEOTEC, previsto para rescatar proxectos presentados á liña estatal do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación (CDTI) e que non acadaron financiamento por esa vía en 2023 e 2024.

Tamén se lanzará ao longo deste trimestre a nova convocatoria de Nexos, coa que, tal e como explicou o presidente, o Goberno galego “fomenta a colaboración entre empresas e centros de coñecemento”, xa sexan das universidades, centros tecnolóxicos ou outro

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tipo de entidade. A previsión é chegar a 200 beneficiarios, priorizando ámbitos temáticos que xeren solucións innovadoras tras o traballo en conxunto de diferentes entidades de investigación.

Entre outras medidas, tamén destaca a convocatoria das unidades mixtas de investigación, un instrumento para o desenvolvemento de proxectos público-privados a través de grupos mixtos de traballo entre organismos de investigación e o tecido empresarial. Estes grupos deben desenvolver proxectos de alto impacto para incentivar a transferencia de resultados das investigacións ao mercado e atraer empresas foráneas cara a Galicia que desenvolvan aquí a súa actividade.

A Xunta tamén impulsará Vinnovate, enmarcada na rede europea *Vanguard Initiative* composta por 38 rexións, e que busca potenciar unha maior colaboración e presenza europea e internacional dos axentes da I+D+i galega mediante a realización de proxectos colaborativos interrexionais. No eido da internacionalización tamén está prevista unha liña para apoiar o fomento das sinerxías con fondos europeos dedicados á I+D+i.

No que atinxe aos centros tecnolóxicos, a programación inclúe axudas para fortalecer as súas capacidades con investimentos en infraestruturas e equipamento, así como outra liña para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas.

A primeira convocatoria en abril

A Axencia Galega de Innovación publicará ao longo deste mes de abril a primeira axuda deste paquete de 52 millóns de euros: o programa Ignicia. Esta medida, un dos principais instrumentos da Xunta de Galicia para facilitar a transferencia de coñecemento real das investigacións á sociedade, desenvólvese a través de dúas liñas de actuación complementarias: Ignicia Proba de Concepto, a que se lanzará neste mes, e Ignicia Transferencia, que desprega un conxunto de actuacións especializadas de apoio como programas de captación e transferencia e persoal investigador, seguimento de indicadores de transferencia ou o posicionamento do programa Ignicia nos eidos rexional, nacional e internacional.

Deste xeito, o Goberno galego convocará a quinta edición do programa Ignicia Proba de Concepto co obxectivo de potenciar a valorización do coñecemento dos centros de I+D+i galegos, impulsando a creación de novas spin-offs e acordos de licenzas de comercialización da tecnoloxía xerada en Galicia. A convocatoria irá destinada aos organismos de investigación galegos, desde as universidades públicas ata os centros tecnolóxicos, así como a centros do CSIC en Galicia ou fundacións sanitarias.

A través desta liña prevese a selección de entre oito e 10 proxectos -que se sumarán aos 32 xa apoiados en convocatorias previas- para comezar a executalos en xaneiro de 2026 durante un prazo estimado de dous anos. Ignicia, que serve como nexo entre a ciencia excelente e a contorna empresarial, pon o foco no proceso de selección e no seguimento próximo dos proxectos durante a súa execución, apoiando a ciencia excelente para facer rendible o investimento. Deste xeito, os proxectos deben contar con capacidade de xerar retornos económicos e ter como fin a comercialización dos resultados da investigación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta nova edición de Ignicia, a Xunta chegará a un investimento de 17M€ en proxectos de transferencia. Desde a primeira convocatoria, en 2016, apoiáronse 32 proxectos que xa deron lugar a 11 spin-offs e tres acordos coa industria, atopándose 15 proxectos en desenvolvemento comercial. En total, a través destes proxectos emprégase a máis de 150 profesionais de alta cualificación e lévanse captado máis de 27M€ de financiamento público e privado a nivel nacional e internacional.

Bioteecnoloxía, intelixencia artificial e cuántica

A maiores, o Executivo galego está traballando en tres novas convocatorias de cara a 2026 como se anunciou no acto de presentación do Plan de investigación e innovación 2025-2027. Estas iniciativas, dotadas con máis de 10M€, reforzarán a competitividade dos sectores estratéxicos galegos a través do financiamento de proxectos de I+D+i.

Centraranse en tres ámbitos prioritarios para Galicia: proxectos colaborativos no sector da bioteecnoloxía, para reforzar as capacidades do sector; proxectos colaborativos de tecnoloxías profundas, dirixidos ao fomento da intelixencia artificial e a cuántica, e apoio a proxectos de investigación e desenvolvemento empresarial, para xerar solucións tecnolóxicas de alto impacto e o fomento do emprego altamente cualificado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A ESTABILIDADE INSTITUCIONAL FAVORECE QUE GALICIA PECHASE 2024 CO 100% DE ORZAMENTO EXECUTADO E MENOS DÉBEDA

- Salienta que “o PIB medrou un 2,8 %, medio punto máis do previsto”
- O saldo positivo débese a que Galicia recibiu unha liquidación do SFA superior á inicialmente prevista que permitiu recuperar a concesión de catro autovías cun aforro de máis de 342 M€ nos exercicios futuros
- Galicia liderou un ano máis o esforzo investidor
- A Administración galega situouse, un ano máis, entre as CC.AA. que pagou aos seus provedores con maior axilidade: 17,3 días de media

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, salientou hoxe os datos dun informe que acredita “a boa saúde das contas públicas galegas”, o que permitiu que Galicia pechase 2024 cun superávit de 202 millóns de euros, “reducindo a súa débeda e cun incremento do PIB por riba do previsto”.

O informe revela que a comunidade rematou o ano co 100 % do orzamento executado, cun superávit do 0,25 %, reducindo a débeda en 234 millóns de euros e rebaixando a ratio débeda/PIB ata o 14,5 %. O documento destaca tamén que Galicia pechou o exercicio cun superávit de 202 millóns de euros. Un saldo positivo motivado por unha liquidación do SFA superior á inicialmente prevista, que permitiu a recuperación da concesión de catro autovías, cun aforro de 342 millóns de euros nos exercicios futuros. Esta operación ten carácter financeiro e, polo tanto, non ten impacto no cálculo do saldo.

A débeda por habitante sitúase na comunidade nos 4.395 euros fronte aos 6.870 euros da media de comunidades, co que, tal e como explicou Rueda, “cada galego debe hoxe 2.474 euros menos que os habitantes da media das comunidades autónomas”.

Tal e como reflicte o documento, a Comunidade Galega cumpre executando o orzamento con máis crecemento, máis investimentos, menos impostos, menos débeda e con mellores indicadores que os territorios da súa contorna: “cun crecemento do PIB do 2,8 %, medio punto máis do previsto”; acadando un nivel do PIB 9 puntos superior ao ano 2019, dous puntos máis que a media española; coa menor taxa de paro desde 2008, dous puntos inferior á media de España, e cun novo récord nas exportacións, por riba dos 31.000 millóns de euros.

Ademais, Galicia lidera un ano máis o esforzo investidor, cun 16,4% do gasto de capital sobre o gasto non financeiro, case o dobre da media.

Pago a provedores

Por outra banda, a Administración galega situouse, un ano máis, entre as CC.AA. que pagou aos seus provedores con maior axilidade: 17,3 días de media en 2024, é dicir, 13,8 días antes que a media das comunidades. Esta axilidade beneficia os case 15.700

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

provedores que traballan coa Xunta, pois favorece a súa liquidez, tendo en conta que moitos deles son pemes e mesmo autónomos.

Cómpre salientar que o pasado ano a Xunta de Galicia pagou un total de 723.570 facturas. O Goberno galego reafirma o seu compromiso con seguir pagando coa máxima axilidade posible

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 390.000 EUROS PARA DESENVOLVER A PLATAFORMA DE INTEGRACIÓN DOS SISTEMAS DE COMUNICACIÓN DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- O sistema, denominado Cetir, permite o emprego simultáneo de diferentes aplicacións e dispositivos vinculados á comunicación entre profesionais e usuarios do sistema sanitario público galego
- Entre outras novidades, o seu desenvolvemento permitirá gravar videochamadas, identificar os pacientes sen necesidade de que acheguen o seu número de teléfono, ou converter os postos de traballo dos profesionais sanitarios en teléfonos virtuais
- A actualización desta plataforma estará completada en decembro de 2026
- O Executivo galego mantén a súa aposta por dotar o Servizo Galego de Saúde de novas ferramentas tecnolóxicas que melloren e axilicen a calidade asistencial da poboación galega

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao contrato para implementar o desenvolvemento e actualización da plataforma de integración dos sistemas de comunicación en tempo real do Servizo Galego de Saúde, Cetir. O Executivo galego investirá 390.297 euros co fin de optimizar e de dotar de novas funcionalidades o sistema.

Cetir é unha plataforma de comunicación en tempo real que xera canles de voz e vídeo instantáneos sobre a base de diferentes estándares. Permite conectar calquera aplicativo empregado por parte dos profesionais sanitarios, como pode ser a historia clínica electrónica Ianus 5, con aquelas aplicacións que son empregadas pola cidadanía, como o Sergas Móbil.

Esta plataforma garante e asegura todas as operacións que se realicen en rede, ademais de posibilitar a rastrexabilidade de todos os eventos comunicativos que se rexistren nela.

A actualización de todos os servizos da plataforma estará completa en decembro de 2026.

Na actualidade, os continuos avances tecnolóxicos exixen o desenvolvemento da plataforma Cetir para adaptarse ás novas necesidades da sociedade e, por ende, do Servizo Galego de Saúde.

Entre as funcionalidades que posibilitará a actualización da plataforma Cetir atópanse a de permitir gravar as chamadas -de vídeo e voz- de acordo coa normativa e os estándares de seguridade vixentes; converter os postos de traballo en teléfonos virtuais; dotar a aplicación Sergas Móbil dunha comunicación de voz dixital que identifique de xeito inequívoco os cidadáns -sen necesidade de que acheguen o seu número de teléfono-; catalogar sistemas de videoconferencia adicionais para usos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

concretos ou posibilitar o envío de notificacións ás aplicacións dos teléfonos móbiles e postos de traballo, aínda que non se estean empregando estes programas.

A Xunta de Galicia segue a dotar o Servizo Galego de Saúde de ferramentas de comunicación que permiten complementar as súas actuacións de tipo presencial (citas, consultas etc...).

Así, coa optimización das súas canles de comunicación, mellora e axiliza o actual modelo de asistencia sanitaria, tanto desde a perspectiva dos usuarios da rede sanitaria pública como desde o punto de vista dos seus profesionais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AUMENTA O NÚMERO DE LECTORES E A COMPRA DE LIBROS EN GALICIA, QUE SE SITÚA POR RIBA DA MEDIA ESTATAL

- O Consello da Xunta avalía o informe da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, resultado das 1.200 entrevistas realizadas en 2024 para coñecer estes indicadores
- O 97,7 % da poboación galega maior de 14 anos le de xeito frecuente, dos cales 69,9 % son lectores de libros, o que supón unha suba do 7 % con respecto a 2023
- Incrementábase en case cinco puntos as lecturas de lecer, ata acadar o 66,2 % destas, o que sitúa a Comunidade por encima do conxunto da media do Estado
- Case o 90 % da rapazada entre 10 e 13 anos le no seu tempo libre, e maioritariamente cómics
- Preto do 64 % dos residentes na Comunidade asegura ler ocasional ou habitualmente na nosa lingua
- O 67,4 % dos galegos mercou o pasado ano algún libro, un 3,8 % máis que no anterior e un 2 % superior á porcentaxe que rexistra a media nacional
- As librarías tradicionais continúan a ser a canle elixida para adquisición de publicacións (73,1 %), seguida, pero con ampla marxe, por Internet (33,5 %)

Galicia rexistra un aumento no número de persoas que len libros, sobre todo por lecer, e tamén son máis as que os mercan. En ambos os dous casos, a suba é por riba da media estatal. Así se reflicte no informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta, resultado das 1.200 entrevistas realizadas en 2024, das cales 1.100 foron a persoas maiores de 14 anos e as 100 restantes fixéronse a menores entre 10 e 13 anos. O obxecto deste estudo foi coñecer a situación actual destes importantes indicadores culturais e, deste xeito, axudar a formular e avaliar futuras políticas e plans do Goberno galego para o fomento na lectura.

O Informe da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude sobre hábitos lectores e compra de libros en Galicia durante 2024 recolle que o 96,7 % dos galegos e galegas maiores de 14 anos le en calquera formato ou soporte, xa sexa impreso ou dixital, polo menos unha vez ao trimestre. Destas lecturas, a prensa (77,9 %) e os libros (69,9 %) son os materiais que concitan maior número de lectores. Nos dous sectores, sitúase por riba da media nacional: un 7,6 % superior no primeiro caso e case dous puntos no segundo.

Dentro dos libros, os máis lidos son aqueles por lecer, xa que supoñen o 66,2 % das lecturas. Deste xeito, esta porcentaxe reflicte que a nosa Comunidade experimentou en 2024 unha suba de case cinco puntos con respecto ao ano anterior, atopándose case dous puntos por riba da media estatal. Cómpre salientar que esta cifra aumenta considerablemente entre os rapaces e rapazas de 10 a 13 anos, xa que case o 90 % asegura que o pasado ano leu libros no tempo de ocio.

Con respecto ao perfil lector en Galicia, hai unha proporción maior de mulleres e, por idades, a ratio é especialmente significativa entre a poboación de 45 a 64 anos. Nesta franxa de idade, son máis do 70 % os que len no seu tempo libre. Ademais, subliñar o dato de que o 63 % dos galegos e galegas asegura ler habitual ou ocasionalmente libros na nosa lingua.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Compramos máis libros, e nas librarías

En canto á compra de libros, o estudo constata que un 67,4 % da poboación galega mercou algún libro, de texto ou non, no último ano, o que supón case 10 publicacións por persoa. Esta porcentaxe reflicte un aumento do 3,8 % con respecto ao ano 2023 e sitúa a nosa Comunidade dos puntos por riba da media nacional.

No caso dos libros non de texto, esta cifra sobe case catro puntos en 2024 ao comparala cos que se mercaron no ano anterior, cunha media de case 9 libros por persoa, e máis dun 3,3 % superior á media do conxunto estatal. Débese engadir a poboación de 25 a 44 anos é a que máis mercou.

Finalmente, o estudo tamén remarca que as librarías tradicionais seguen a manterse como o espazo principal onde os galegos e galegas (73,1 %) mercan os seus libros, seguido, pero con bastante marxe de diferenza, da compra a través da Internet (33,5 %).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINA MÁIS DE 166.000 EUROS A APOIAR A CREACIÓN CONTEMPORÁNEA NAS RESIDENCIAS ARTÍSTICAS DA CIDADE DA CULTURA

- O Consello da Xunta avaliou actividades coas que se prevé brindar apoio a máis de 150 creadores e creadoras este 2025 desde o Gaiás
- Dentro deste programa, a Xunta amplía o alcance das denominadas Axudas REGA, que outorgarán 8.000€ por proxecto seleccionado e incluírán as artes dixitais
- Para estas residencias, a Cidade da Cultura colabora tamén con organizacións e colectivos destacados no ámbito cultural como o Centro Dramático Galego, o Festival RESIS de música contemporánea ou o Incipit-CSIC, entre outros

A Xunta de Galicia destina un total de 166.640 euros en 2025 a apoiar o desenvolvemento de proxectos artísticos e culturais nas Residencias Artísticas do Gaiás. O programa prevé este ano colaborar cun total de 157 creadoras e creadores e 39 técnicos, vinculados á danza e as artes escénicas, a música, a literatura, as artes plásticas, o deseño, as artes dixitais e o patrimonio cultural.

A través destas residencias artísticas, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ofrece apoio económico, espazos, equipamentos e recursos técnicos e humanos para favorecer a creación contemporánea e fortalecer o sistema cultural galego. Esta é unha aposta aliñada cos obxectivos do II Plan Estratéxico 2021-2027 da Fundación Cidade da Cultura, que promove o Gaiás non só como espazo privilexiado de exhibición, senón como un auténtico viveiro creativo, e na que nos últimos anos participaron máis de 85 proxectos e máis de 270 artistas de Galicia, do resto de España e internacionais para levar adiante as súas propostas creativas.

Entre as accións que se materializarán en 2025 destaca o incremento de catro a seis no número de proxectos apoiados polas Axudas REGA, cun orzamento de 62.400 euros, que abrirá a convocatoria da cuarta edición nos vindeiros días, incluíndo como novidade as artes dixitais entre as disciplinas artísticas ás que se dirixe, xunto coas visuais, escénicas, musicais e o deseño. Deste xeito, cada proposta seleccionada recibirá 8.000 euros para o seu desenvolvemento, e gozará dunha estadía de entre tres semanas e mes e medio no Gaiás, durante a cal contará co acompañamento dunha persoa mentora especialista.

Procesos selectivos abertos

A Cidade da Cultura ten abertos dous procesos selectivos máis esta primavera: o *XV Encontro de Artistas Novos* e a *V Residencia Literaria*. O primeiro, que coordina o historiador da arte e comisario Rafael Doctor, seleccionará un total de 40 creadoras e creadores emerxentes de toda España para unha estadía no Gaiás durante a que poderán dar a coñecer os seus traballos e conectar con axentes culturais e críticos. Desde o ano 2010, máis de 800 artistas pasaron por este encontro, unha das citas máis consolidadas da creación contemporánea en España.

Por outro lado, un total de 10 autoras e autores noveis participarán na *Residencia Literaria* da Cidade da Cultura, que estrea nova dirección, coa escritora e xestora

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cultural Eva Mejuto. A través do intercambio de aprendizaxes, este proxecto busca perfeccionar proxectos inéditos en galego, ampliando nesta edición a súa convocatoria a todos os xéneros: poesía, narrativa e teatro.

Colaborar co sistema cultural galego

As residencias artísticas do Gaiás afianzan tamén en 2025 a súa cooperación con entidades e colectivos destacados da cultura contemporánea, como o Centro Dramático Galego, que impulsa no ciclo *Clásicas desfeitas* a redescuberta de textos literarios empregando as linguaxes da escena actual. As Residencias Paraíso para danza e artes vivas, promovidas polo Colectivo RPM, son outra das liñas de apoio á creación nas que veñen colaborando a Cidade da Cultura e o Centro Dramático Galego.

No ámbito musical, a Cidade da Cultura ofrece os seus espazos e recursos para a produción de propostas innovadoras xunto ao festival RESIS de música contemporánea, e tamén para o fomento do talento máis novo a través da residencia da Banda Sinfónica Xuvenil Galega en colaboración coa Federación Galega de Bandas de Música.

Ademais, coa finalidade de ampliar o seu radio de acción como motor creativo, a Fundación Cidade da Cultura estendeu recentemente a súa rede de alianzas ao ámbito científico. Ligar investigación e experimentación artística é o obxectivo das residencias que desde hai tres anos se veñen realizando co Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit-CSIC), ás que en 2025 está previsto sumar unha nova residencia co Instituto Galego de Física de Altas Enerxías da Universidade de Santiago de Compostela.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTACA O ÉXITO DAS FEIRAS DE EMPREGO DA ARXENTINA E O URUGUAI CON MÁIS DE 3.500 ASISTENTES QUE PUIDERON COÑECER OPORTUNIDADES DE RETORNO A GALICIA

- O Consello analizou un informe sobre estas citas celebradas en marzo nas que participaron cinco clusteres e unha vintena de empresas e que están dando os seus primeiros froitos con preto de 30 persoas contratadas e 250 en procesos selectivos
- Trátase dunha iniciativa vinculada ao programa Retorna Cualifica Empleo, incluído na Estratexia Galicia Retorna e co que se busca favorecer o regreso a Galicia de persoas que emigraron ou dos seus descendentes con traballos ofertados en orixe
- Deste xeito, búscase incrementar a captación de ofertas de traballo e unha atención máis integral que facilite a toma de decisións tanto ás empresas interesadas en poder cubrir as súas vacantes como ás persoas con vontade de aceptar esas ofertas
- Actualmente no Retorna Cualifica Empleo hai arredor de 3.000 persoas rexistradas -das que 2.300 xa foron contactadas-, máis do 65% son menores de 45 anos e hai un cento de empresas para cubrir máis de 600 vacantes
- Esta medida súmase a outras do Goberno galego centradas en potenciar o retorno para a captación de talento e cubrir as demandas do tecido produtivo e que converten á comunidade nunha unha rexión pioneira neste eido

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre as feiras de emprego organizadas por primeira vez polo Goberno galego o pasado mes de marzo na Arxentina e no Uruguai no que se reflicte o éxito destas accións ás que asistiron -segundo os datos definitivos- máis de 3.500 persoas e que xa están a dar os seus primeiros froitos, con preto de 30 persoas contratadas e 250 en procesos de selección. Trátase dunha iniciativa piloto vinculada ao programa Retorna Cualifica Empleo, incluído na Estratexia Galicia Retorna e co que se busca favorecer o regreso a Galicia de persoas que emigraron ou dos seus descendentes con traballos ofertados en orixe da man das empresas, a través de contratos indefinidos ao tempo que se contribúe á cobertura de vacantes laborais.

En canto á feira da Arxentina, celebrouse en Bos Aires o 6 e 7 de marzo e a ela asistiron 2.346 persoas, mentres que a de Uruguai foi en Montevideo o 10 de marzo e contou con 1.221 asistentes. En ambas participaron cinco clusteres e unha vintena de empresas de sectores estratéxicos como as TIC, o agroalimentario, a loxística, o metalmecánico ou o transporte, que trasladaron as súas ofertas de traballo e realizaron procesos de selección.

Neste sentido, cómpre destacar que no Retorna Cualifica Empleo hai hoxe máis dun centenar de empresas inscritas, interesadas na atracción de traballadores galegos do exterior e en cubrir máis de 600 vacantes nas catro provincias galegas.

Voltando ás feiras, tamén incluían ademais relatorios, actividades e talleres prácticos relacionados con temáticas como a Estratexia Galicia Retorna, a preparación de entrevistas de traballo online, a rede de polos de emprendemento e trámites de interese para retornar a Galicia, entre outros. Ademais, por parte da Xunta, nestas citas estiveron técnicos da Secretaría Xeral de Emigración, que difundiron as medidas de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

retorno; do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), que informaron sobre as potencialidades do servizo; así como da Axencia Galega de Innovación (GAIN), que deron conta das oportunidades de carreira nos centros tecnolóxicos e o ecosistema investigador galego.

Deste xeito, búscase incrementar a captación de ofertas de traballo e unha atención máis integral que facilite a toma de decisións tanto ás empresas interesadas atraer talento como ás persoas con vontade de aceptar esas ofertas. No caso dos traballadores, trátase de facer fincapé tamén no asesoramento para atopar unha vivenda e apoio no proceso de alugueiro. O obxectivo é conseguir resultados pegados á realidade de cada territorio.

Retorna Cualifica Emprego e Estratexia Galicia Retorna

O Retorna Cualifica Emprego no que se enmarcan estas feiras está dirixido a persoas galegas residentes no exterior menores de 55 anos, que poderán volver a Galicia cun posto de traballo firme mediante un contrato laboral indefinido. Esta é a segunda edición, dotada con 2,3 M€. Hoxe o programa conta con arredor de 3.000 persoas rexistradas -das que máis de 2.300 xa foron contactadas-, das que a maioría proceden da Arxentina (1.060), seguida de Cuba (834) e o Uruguai (426) e preto do 70% son menores de 45 anos.

O programa conta coa web retornacualificaemprego.gal onde as empresas e persoas interesadas poden inscribirse. Ademais, nela pódense consultar ofertas de emprego e presentar candidaturas, entre outros trámites. Este portal leva rexistrado preto de 26.000 visitas, das que máis de 12.300 foron para acceder a información das feiras.

O programa Retorna Cualifica Emprego é unha das medidas da Estratexia Galicia Retorna dotada de 450 M€ ata 2026 que converte á comunidade nunha unha rexión pioneira a prol das políticas de retorno con medidas tanto no eido da conta propia como allea para facer fronte ao reto demográfico e responder a desafíos do mercado laboral como a atracción de talento e a cobertura de vacantes. Este desafío exige estimular a forza laboral interna e, en paralelo segundo as recomendacións da Unión Europea, favorecer a atracción de traballadores do exterior dun xeito ordenado, vencellado a empregos de calidade, da man das empresas e priorizando, no caso de Galicia, o retorno dos seus emigrantes.